


Formas de: Adaptación ao Cambio climático a través de Estratexias Territoriais



F:ACTS! é un proxecto de colaboración europeo enfocado a incrementar a resistencia das áreas propensas aos riscos, á hora de responder a condicións climáticas extremas debidas ao cambio climático.

F:ACTS! é parte do programa de cooperación interrexional INTERREG IVC, financiado polo Fondo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea. O programa INTERREG IVC, axuda ás Rexións Europeas a que traballen xuntas para compartir experiencia e boas prácticas nas áreas de innovación, economía do coñecemento, medioambiente e prevención de riscos. O proxecto leva en marcha dende xaneiro de 2010 e rematará en Decembro do 2012. Catorce socios de oito rexións europeas colaboran no mesmo.





Formas de: Adaptación ao Cambio climático a través de Estratexias Territoriais

Os efectos do cambio climático fan que moitas rexións europeas se vexan máis afectadas por condicións climáticas extremas e o incremento de riscos naturais. Os responsables da toma de decisións a nivel rexional ou local enfróntanse a un enorme reto á hora de xestionar estes efectos. Nembargante, hai un gran desfase entre o aumento do volume de investigación científica e as accións concretas e necesarias a nivel local. **O obxectivo de F:ACTS é diminuír ese desfase centrándose no uso de "estratexias territoriais integradas". O enfoque integrado é crucial, pois hai aspectos ecolóxicos, económicos e sociais en xogo á hora de levar a cabo estratexias territoriais integradas.** Algúns dos temas que o proxecto trata son: Usos do solo multifuncionais, participación pública, gobernanza e viabilidade económica.

A diversidade nas rexións que participan no proxecto achega a oportunidade de aprender uns dos outros. F:ACTS! traballa intercambiando coñecementos e experiencias das rexións en obradoiros temáticos e visitas de estudo. Tamén se gaña experiencia práctica a través da posta en marcha de proxectos piloto.

F:ACTS! persigue incrementar a capacidade das rexións europeas para abordar os efectos do cambio climático, inspirando aos responsables da toma de decisións a nivel local, fomentando o intercambio de ideas entre os científicos, responsables de toma de decisións e expertos de diferentes países, desenvolvendo as mellores prácticas e demostrando que as solucións son posibles levándoas a cabo nas áreas piloto. Todas estas accións contribuirán a mellorar as políticas rexionais.

Por favor visite www.factsproject.eu para máis preguntas, comentarios, achegas e información.



5 proxectos piloto

O proxecto busca accións concretas. Polo tanto, o coñecemento intercambiado entre os socios porase en práctica directamente en cinco áreas piloto. Por outra banda, a experiencia gañada nos proxectos piloto producirá novo coñecemento para compartir. Os proxectos piloto céntranse en áreas que experimentan problemas con riscos naturais como os incendios forestais, inundacións ou secas e perda de biodiversidade. O coñecemento obtido nos proxectos piloto proporcionará unha información valiosa para os responsables de toma de decisións e os profesionais.

- **Carrio (Pontevedra), Galicia**

O problema principal que afecta practicamente a toda Galicia é o risco de incendios forestais, producidos pola combinación de períodos máis longos de seca, xunto coa deficiente xestión forestal e o abandono dos terreos agrícolas.

- **Strofylia (Achaia), Grecia Oriental**

O parque nacional de Kotychi-Strofylia enfróntase ao incremento dos incendios forestais debidos a períodos máis extremos de seca. As prácticas agrícolas intensivas na área, xunto coa queima de residuos agrícolas por parte dos granxeiros, contribúen ao incremento deste risco. O desenvolvemento incontrolado das actividades relacionadas co turismo é outro factor en xogo.

- **De Wijers (Limburg), Flandes**

De Wijers é unha área de estanques da rede Natura 2000 que sofre tanto inundacións como secas. Estes eventos causan problemas ao sistema de estanques que é moi vulnerable. Os períodos de seca máis longos incrementan a vulnerabilidade aos incendios forestais nas valiosas uceiras.

- **Baixo Vouga Lagunar (Aveiro), Portugal**

O Baixo Vouga Lagunar é unha área da rede Natura 2000 afectada por inundacións, que poñen en risco unha paisaxe única de tipo "bocage". Un nivel máis alto do mar causa salinización que pon en risco a área singular (con estatus de rede Natura 2000) do Baixo Vouga Lagunar.

- **Varna (Severoiztochen), Bulgaria**

Varna é unha área moi urbanizada, afectada por fortes chuvias que causan inundacións. Estas inundacións levan ao colapso do sistema de sumidoiros. Como consecuencia vese afectada a calidade das augas costeiras para o baño. As secas no verán levan á escasez de auga para o consumo humano.



No proxecto F:ACTS! participan 14 socios de 8 países:

- DLG, Servizo Gobernamental Para a Xestión da Auga e do Territorio: lead partner, NL
- Universidade de Van Hall Larenstein, NL
- Concello de Almere, NL
- VLM, Axencia Flamenca da Terra, BE
- Provincia de Limburg, BE
- Concello de Varna, BG
- Empresa de Desenvolvemento da Prefectura de Achaia, EL
- Unión Nacional de Municipios, Comunidades e Autoridades de Montaña, IT
- Servizo Nacional do Territorio do Ministerio de Agricultura, LT
- Ministerio de Agricultura da República de Lituania, LT
- DGADR, Dirección Xeral para a Agricultura e o Desenvolvemento Rural, PT
- DGOTDU, Dirección Xeral para o Planeamento Espacial e o Desenvolvemento Urbano, PT
- Consellería do Medio Rural, Xunta de Galicia, ES
- Universidade de Santiago de Compostela, ES



Por favor, visite www.factsproject.eu para máis información!

Editor responsable

Dienst Landelijk Gebied
Herman Gorterstraat 5
3511 EW Utrecht

Postbus 20021
3502 LA Utrecht
T 0031 30 275 66 00

